



CONCELLOS

BARREIROS

Anuncio

No pleno do 27 de setembro de 2021 aprobanse inicialmente o Regulamento do Comedor Escolar do CEIP de San Cosme de Barreiros e a Ordenanza Fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo de comedor escolar do CEIP de San Cosme de Barreiros, e, ó non terse presentado reclamacións durante o período de información pública, a aprobación provisional adquire o carácter de DEFINITIVA, polo que, de conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procedese á publicación dos textos íntegros para a súa entrada en vigor:

“REGULAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR DO CEIP DE SAN COSME DE BARREIROS.

Na actualidade a escola convértese, nunha área estratéxica, xa que cada vez máis o proceso educativo ocupa unha parte moi importante da vida dos nenos e nenas e adolescentes, tanto polas horas diarias de actividade, como polos anos de permanencia nos centros, que hoxe se estende desde a escola infantil de 0-3 anos ao bacharelato ou á formación profesional. É o medio idóneo para a divulgación, aprendizaxe e realización de hábitos e estilos de vida saudables.

Por outra banda, a realidade social está demandando das administracións públicas maiores e mellores servizos relacionados coa conciliación da vida familiar laboral e persoal, de cara a facilitar a inserción laboral das persoas.

Ademais de ferramenta de conciliación e inserción laboral, o comedor escolar debe proporcionar a consolidación duns hábitos de saúde e hixiene que se desenvolven no entorno familiar. Tamén debe permitir traballar outros valores como son a solidariedade, a cooperación, a tolerancia e a igualdade entre mulleres e homes.

O comedor escolar deberá cumprir as esixencias establecidas na lexislación vixente en materia de seguridade alimentaria (Regulamento CE 852/2004, do 29 de abril, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, o Real Decreto 3484/2000, do 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas, e o Real Decreto 202/2000, do 11 de febreiro, polo que se regulan as normas relativas aos manipuladores de alimentos, así como as demais disposicións legais vixentes en materia de comedores colectivos.

Polo tanto, precísase dun regulamento do seu funcionamento que mellore e optimice este servizo, unha vez que o concello acorde asumir a súa xestión directa.

CAPÍTULO 2.-O COMEDOR ESCOLAR

Artigo 1.-Concepto.

O servizo de comedor escolar é un servizo educativo, complementario, compensatorio e social, especialmente destinado a garantir a efectividade da educación obrigatoria dentro dos principios de igualdade, en especial entre homes e mulleres, e solidariedade. Constitúe ademais una medida valiosa para contribuír á organización e conciliación de vida familiar, laboral e persoal das familias barreirenses.

Artigo 2.-Obxectivos.

Os obxectivos xerais do servizo de comedor escolar son:

- 1. Desenvolver e fomentar hábitos alimentarios saudables dende a escola, educar nutricionalmente, ensinar un comportamento social e ser centro de desenvolvemento de habilidades e de convivencia.*
- 2. Cubrir unha parte importante das necesidades nutricionais dos nenos e nenas, proporcionando menús escolares saudables. As outras comidas do día deben achegar o resto das cantidades axeitadas de enerxía e de macro e micronutrientes, que permitan un bo estado de saúde e un crecemento óptimo durante a idade preescolar, escolar e adolescente.*
- 3. Proporcionar unha alimentación variada para garantir a inxestión suficiente e adecuada de nutrientes e enriquecer a capacidade de adaptación do neno/a ós diferentes alimentos, sabores e texturas.*

4. Educar á familia a través dos hábitos dietéticos adecuados dos nenos e involucrala no programa do comedor escolar.

Artigo 3.-Características do comedor escolar.

O comedor escolar está situado nas dependencias do Centro Público de Educación Infantil e Primaria de San Cosme de Barreiros, cunha superficie útil de 58 m². Ten una capacidade de 20 comensais, podendo ser distribuídos en dúas quendas.

Artigo 4.-Elaboración de menús e dieta equilibrada.

a) Programaranse os menús de 4 a 6 semanas de acordo con criterios de alimentación sana e equilibrada do alumnado, que figuran na guía "Menús saudables no comedor escolar", editada pola Xunta de Galicia e dispoñible no enlace: <http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/menu/indice.htm>.

b) Este menú será o mesmo para todos os/as comensais que fagan uso do servizo, sexa alumnado ou persoal do centro, agás:

- Alumnado do centro que teña algún tipo de intolerancia, alerxia alimentaria ou trastorno de saúde, que disporá dun menú axeitado ás súas necesidades. Estes menús serán autorizados polo concello e estarán xustificadas mediante informe médico expreso.

- Alumnado do centro que, por motivos relixiosos, evite comer algún alimento, deberá traer un escrito dos seus pais/ nais indicándoo expresamente.

- Indisposicións temporais (gastroenterite ou similar).

c) Coa finalidade de que as familias poidan completar o réxime alimenticio dos seus fillos e fillas, de acordo cos criterios dunha alimentación saudable e equilibrada, a programación dos menús expoñeráse no taboleiro de anuncios do centro e darase a coñecer aos pais e nais do alumnado usuario do comedor escolar, incluíndo o tipo de preparación, así como a composición das gornicións e as sobremesas.

d) De acordo coa normativa vixente está prohibido o consumo de bebidas alcohólicas e tabaco nos centros educativos e, polo tanto, nas instalacións onde se presta o servizo de comedor escolar.

Artigo 5.-Administración de medicamentos.

Cando un/una alumno/a requira da administración dun medicamento antes, durante ou inmediatamente despois das comidas, o pai/nai o comunicará e autorizará por escrito ao encargado/a do comedor, acompañado do correspondente certificado ou informe médico no que conste a dose, a hora de administración e o xeito de facelo.

CAPÍTULO III.-HORARIO DO SERVIZO DE COMEDOR

1. O Servizo de comedor escolar (xantar) comenará o primeiro día lectivo do mes de setembro e finalizará o último día lectivo do mes de xuño. Só funcionará os días lectivos, determinados cada curso pola Consellería de Educación.

2. En caso de necesidade por aumento da ocupación, pódense establecer dúas quendas, en atención ás idades dos/ das comensais, comezando sempre polos nenos/as de educación infantil (de 3 a 5 anos), segundo o espazo dispoñible.

3. O horario do comedor extenderase dende as 14.00 horas ás 16.00 horas. Poderanse establecer dúas quendas de saída:

Primeira quenda: 15.15 horas

Segundo quenda: 16.00 horas

Por seguridade dos e das comensais, e agás os horarios das quendas de saída, as portas do Centro permanecerán pechadas durante o horario de comedor.

4. No horario de comedor os/as alumnos/as estarán baixo a tutela dos coidadores/as de comedor que serán os seus responsables.

5. Ao terminar a quenda de comedor os alumnos e alumnas deberán ser recollidos polo pai/nai/titor legal, agás:

a) Autorización expresa do pai/nai/titor legal legal, para ser recollidos/as por outra persoa.

b) Autorización expresa do pai/nai/titor legal legal, para que o/a neno/a abandone solo/a o colexio.

c) Que o neno ou nena se quede no colexio a realizar actividades extraescolares, ou empregue o transporte escolar.

6. No tempo que dure o servizo de comedor os alumnos/as poderán facer uso dos servizos sanitarios, a biblioteca, e os patios do centro. No poderán utilizar nin andar polo resto das dependencias do centro.

CAPÍTULO IV.-LÍMITE DE PRAZAS, SOLICITUDES DE INSCRIPCIÓN, USUARIOS. PROCEDIMIENTO DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

A selección e admisión de usuarios e usuarias do servizo de comedor escolar correspóndelle ao Concello de Barreiros.

1. Poden acollerse ao servizo de comedor todo o alumnado matriculado no centro que así o solicite e sempre que haxa prazas vacantes.

2. Dado o limitado espazo dispoñible para sala de comedor, fíxase o número máximo de prazas en 20 comensais, sendo os criterios de admisión segundo baremo establecido e debidamente acreditados:

- Solicitantes empadroados/as en Barreiros 5 ptos.
- Familias que, sen estar empadroadas, teñen o seu posto de traballo en Barreiros. Nai (2 ptos), Pai (2 ptos).
- Alumnado en situación socioeconómica desfavorable, con informe técnico de servizos sociais: 4 ptos.
- Alumnado fillos/as traballadores/as con incompatibilidade demostrada dos seus horarios laborais cos horarios escolares de entrada e/ou saída do seu fillo/a: 3 ptos.
- Familia monoparental 3 ptos
- Alumnado usuario/a do servizo de comedor escolar no curso anterior 2 ptos.
- Usuarios/as con irmás ou irmáns usuarios do comedor 2 ptos.
- Alumnado membros de familias numerosas ou cunha discapacidade igual ou superior ao 33%. 1 ptos.

3. O persoal encargado da atención ao alumnado usuario do comedor, independentemente da súa categoría e relación de emprego.

4. O profesorado e persoal non docente do centro que soliciten o servizo, sempre que existan prazas vacantes, e se dispoña de persoal colaborador suficiente.

5. A inscrición ao servizo de comedor ten carácter anual e formalízase durante a primeira quincena do mes de xullo do curso anterior a aquel no que se vaia facer uso do servizo, sendo os requisitos de inscrición os seguintes:

- a) Cubrir correctamente o modelo de solicitude (Anexo I).
- b) Autorizacións de persoas distintas do/da solicitante para a saída dos nenos/as, para a protección de datos, para realizar gravacións e fotografías, e para a aceptación das normas do comedor escolar municipal (anexo III).
- c) Cuestionario de Saúde (Anexo II).
- d) Fotocopia DNI do pai/nai ou titor/a legal e libro de familia.
- e) Volante municipal de convivencia.
- f) Documentación necesaria para o calculo das taxas a pagar.
- g) Outra documentación acreditativa de diversas circunstancias: sentenza de separación/divorcio, informe de servizos sociais, carné familia numerosa, informes médicos, etc.

Sempre que haxa vacantes aceptaranse as solicitudes fora do prazo establecido.

Artigo 6.-Procedemento de adxudicación de prazas.

A Comisión de baremación terá como competencias:

- Velar polo cumprimento do proceso de ingreso.
- Velar pola aplicación do baremo no proceso de admisión.
- Aplicar a contía a aboar ou exención a aplicar en cada caso en función do que dispoña a ordenanza fiscal reguladora.
- Efectuar a proposta inicial de cualificación, correspondendo a resolución ao/á Sr./Sra. Alcalde/Alcaldesa.

A relación provisional será exposta no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e no centro educativo.

- Propoñer ao alcalde/alcaldesa as solicitudes de ingreso.
- Dar conta á alcaldía das altas e baixas que se produzan.

Está composta por:

Presidente/a: o/a alcalde/sa

Secretario/a: o da corporación ou funcionario/a en quen delegue (con voz e sen voto).

Vogais: - o/a concelleiro/a competente na materia.

- Unha ou dúas persoas entre o persoal municipal da área de educación ou servizos sociais.

Os/as solicitantes que o desexen poderán efectuar as reclamacións debidamente documentadas que estimen oportunas no prazo de 10 días naturais contados dende a data de publicación da relación provisional.

Unha vez estudadas pola comisión todas as reclamacións presentadas e resoltas procederase á publicación da relación definitiva de admitidos/as e da lista de espera no taboleiro do concello, na páxina web municipal e no centro educativo.

As vacantes que se vaian producindo ao longo do curso serán cubertas por rigorosa orde entre os/as solicitantes da lista de espera. As prazas que, sen causa xustificada, non se atopen cubertas aos 15 días de iniciarse o curso escolar, consideraranse como vacantes. No suposto de que se produzan vacantes e se atope esgotada a lista de espera, aceptaranse as solicitudes por orde de rexistro de entrada.

CAPÍTULO V.-PERSOAL DO COMEDOR

A idoneidade profesional do persoal de atención e vixiancia dos comensais, deberá vir acreditada, con pleno respecto ao principio de igualdade entre homes e mulleres. Todo o persoal deberá contar como mínimo co carné de manipulador/a de alimentos.

O persoal de atención educativa, apoio e vixiancia do servizo de comedor, ademais da imprescindible presenza física durante a prestación do servizo no seu conxunto, desenvolverá as seguintes funcións:

- a) Cumprir ca labor de garda e custodia dos usuarios e usuarias do comedor escolar.*
- b) Colaborar nas labores de preparación das mesas e menaxe antes da comida e tamen na retirada e limpeza posterior do comedor.*
- b) Vixiar e aplicar as medidas pertinentes en materia de prevención de riscos, saúde laboral, emerxencias, etc.*
- c) Axudar aos alumnos e as alumnas que, por idade ou necesidades asociadas a condicións persoais específicas de discapacidade, necesiten a colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.*
- d) Informar a persoal técnico municipal responsable, de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo de comedor, para que aquel o poña en coñecemento das familias.*

O persoal de atención ao alumnado no servizo de comedor virá determinado en función do total dos alumnos e alumnas comensais, de acordo coa seguinte ratio:

- Educación infantil. 1 coidador/a*
- Educación primaria: 1 coidador/a*

CAPÍTULO VI.-NORMATIVAS PARA AS FAMILIAS E COMENSAIS DO COMEDOR ESCOLAR:

Artigo 7.-Obrigas das familias dos usuarios e usuarias do comedor.

Os pais/nais/titores legais de alumnos/as que se acollan ao servizo de comedor:

- 1. Comprometense a abonar nos prazos establecidos as cotas estipuladas. O incumprimento da obriga de pago determinará constituirá unha falta moi grave e actuarase segundo a Sección 4.^a. Procedemento sancionador do presente regulamento.*
- 2. Deberán recoller aos/as alumnos/as á saída de comedor na quenda que lles corresponda. O incumprimento desta obriga determinará, previa comunicación telefónica por tres veces e unha por escrito, que o/a encargados/a do comedor o poña en coñecemento do Concello por si se trata dunha situación irregular ou de abandono, para adoptar as medidas que legalmente resulten procedentes.*
- 3. Non poderán recoller aos/as alumnos/as fora do horario de saída establecido.*
- 4. Respetarán e aceptarán o presente regulamento.*

Artigo 8.-Obrigas dos e das usuarias do comedor.

Son obrigas dos e das usuarias:

- 1. Seguir sempre as indicacións do persoal que os/as atende no comedor.*
- 2. Tratar co debido respecto a todo o personal do comedor.*
- 3. Tratar co debido respecto a todos os compañeiros e compañeiras.*
- 4. Antes e despois de comer lavaranse as mans.*
- 5. Despois de comer lavaranse os dentes (diariamente cada neno/a levará un pequeno neceser co cepillo e pasta de dentes).*
- 6. Os e as comensais deberán saber comer por sí mesmos.*

7. Falarán en voz baixa na sala de comedor, co fin de non molestar aos demais.
8. Na mesa manterán a debida compostura e normas de cortesía.
9. Non manipularán os alimentos coas mans.
10. Non tirarán nada ao chan, o comedor debe mantense limpo.
11. Utilizarán correctamente os utensilios.
12. Ao terminar de comer colocarán ordenadamente os cubertos no plato.
13. As sobras de comida recolleranas no plato, nunca quedaran enriba da mesa.
14. Non xogarán na sala de comedor.
15. Terminarán a comida na sala de comedor, nunca nos espazos de tempo de descanso ou recreo.
16. No se levantarán da mesa ata que todos/as terminen ou ata que llo indique o/a coidador/a.
17. Ao terminar a comida serán acompañados/as dos coidadores/as que lles indicaran os espazos indicados para descanso ou recreo.
18. Coidarán o material e as dependencias do centro.
19. Respetaran os demais enseres dos/das usuarias do comedor.

CAPÍTULO VII.-INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. As condutas contrarias ao establecido no capítulo VI consideraranse como faltas leves, graves ou moi graves e serán calificadas e sancionadas conforme ao establecido no capítulo VII, tendo en conta o establecido nos apartados seguintes.
2. Respetarase sempre a dignidade física e/ou personal.
3. Respetarase a debida proporción entre a falta e a sanción aplicada, tendo en conta a idade do neno ou nena e as súas circunstancias pessoais, familiares e sociais.
4. En ningún caso a sanción poderá consistir en privar ao alumno/a da inxesta da ración completa de comida que esté establecida no menú.
5. En todo caso, para sancionar unha conduta, terase en conta o recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta.
6. As sancións prescribirán ao finalizar o curso escolar.

SECCIÓN 1.ª.-Faltas leves e sanción

1. Son faltas leves todas aquelas condutas que vulneren o establecido no Capítulo VI (obrigas dos/as usuarios/as), que non sexan o suficientemente importantes como para consideralas faltas graves ou moi graves.
2. Sanción das faltas leves. A sanción das faltas leves levarase a cabo polo persoal de atención no momento en que ocorran e consistirán en apercibimento ao alumno/a de forma privada.

SECCIÓN 2.ª.-Faltas graves e sanción

1. Son faltas graves:
 - a) A reiteración de 5 faltas leves nun prazo de 30 días naturais dende a primeira falta.
 - b) Os actos de indisciplina,
 - c) Os actos de inxuria ou ofensa grave a membros de comedor, tanto a usuarios/as como personal laboral).
 - a) A agresión física ou moral a membros do comedor, tanto a usuarios/as como persoal.
 - d) Os actos de discriminación contra membros del comedor, tanto usuarios/as como personal.
 - e) Os danos graves causados polo uso indebido e intencionado nos bens do comedor, instalacións do comedor e demais dependencias do colexio postas ao servizo do comedor.
 - f) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do comedor
 - g) O incumprimento da sanción dunha falta grave.
2. Sanción das faltas graves. Poderán consistir nunha ou mais das seguintes:
 - a) Realización de tarefas que contribúan a mellorar o desenvolvemento do comedor.
 - b) Reparación dos danos causados.
 - c) Suspensión do dereito de asistencia ao comedor durante un período non superior a 3 días lectivos nos que o alumno sexa usuario/a do comedor.

SECCIÓN 3.ª.-Faltas moi graves e sanción**1. Son faltas moi graves:**

- a) *Todas aquelas condutas que poidan poñer en perigo a integridade física de membros de comedor, tanto de usuarios/ as como de personal.*
- b) *A reiteración de 3 faltas graves nun prazo de 30 días naturais, contados dende a primeira falta.*
- c) *O incumprimento da sanción, como mínimo, de dúas faltas graves.*

2. Sanción das faltas moi graves:

- a) *Unha falta moi grave, suspenderá o dereito de asistencia ao comedor durante un periodo non superior a 15 días lectivos.*
- b) *Dúas faltas moi graves cometidas nun período de 60 días naturais, contados de fecha a fecha, suspenderán o dereito de asistencia ao comedor durante un periodo superior a 15 días lectivos e non superior a 30 días lectivos.*
- c) *Tres faltas moi graves, cometidas nun curso escolar, suspenderán de forma definitiva durante dito curso escolar, o dereito de asistencia ao comedor.*

SECCIÓN 4.ª.-Procedemento sancionador

As sancións das faltas leves serán abordadas polo persoal de atención no momento en que ocorran e consistirán en apercibimento ao alumno/a de forma privada.

As faltas graves ou moi graves, deberán ser informadas ao Concello, que iniciará un expediente sancionador cuio inicio deberá ser comunicado por escrito ao pai/nai ou titor/a legal do usuario/a con indicación de conduta que se lle imputa e media de corrección que se propón, con ofrecemento de prazo de audiencia, non inferior a 5 días lectivos.

CAPÍTULO VIII.-CONDICIÓN ECONÓMICAS**Artigo 9.-Financiamento do servizo de comedor escolar municipal.**

O servizo de comedor escolar financiarase cos seguintes ingresos:

- a) *Achegas da Consellería competente en materia de educación.*
- b) *Achegas dos usuarios/as.*
- c) *Fondos municipais.*

Artigo 10.-Prezos.

Os prezos correspondentes ao menú virán establecidos polo disposto na Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de comedor escolar vixente.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR DO CEIP DE SAN COSME DE BARREIROS.**Art. 1.-FUNDAMENTO E NATUREZA.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, en relación co artigo 20, do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Barreiros establece a taxa pola prestación do servizo comedor escolar no Colexio de San Cosme de Barreiros, que se rexerá por esta ordenanza fiscal e que constitúe un servizo educativo, complementario, compensatorio e social, especialmente destinado a garantir a efectividade da educación obrigatoria dentro dos principios de igualdade, en especial entre homes e mulleres, e solidariedade ademais dunha medida valiosa para contribuír á organización e conciliación de vida familiar, laboral e persoal das familias barreirenses.

Art. 2.-FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo de comedor escolar aos seus beneficiarios mediante as comidas que no mesmo reciba o alumnado escolarizado no centro así como persoal docente e non docente do mesmo.

Art. 3.-DEVEÑO.

Devéñase a taxa e nace a obriga de contribuír dende que o/a interesado/a sexa beneficiario/a dos servizos e permanecerá mentres dure a súa prestación.

Art. 4.-SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas beneficiarias do servizo.

Os/as usuarios/as do servizo gravado por esta taxa menores de idade que non teñan capacidade de obrar, actuarán no seu nome, cos efectos previstos na Lei xeral tributaria, os seus pais/nais, titores/as, ou calquera outro representante legal.

Art. 5.-COTAS TRIBUTARIAS.

5.1. As tarifas esixibles en cada caso serán as que veñan establecidas en cada momento pola normativa aplicable ós comedores escolares xestionados pola Xunta de Galicia, actualmente o Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.

O importe que os usuarios deberán aboar resultará de multiplicar os prezos correspondentes polo número efectivo de días de uso do comedor cada mes. Os usuarios deberán comunicar ó centro de ensino os días que non vaian facer uso do comedor cunha antelación mínima de un día. En caso contrario, ese día computará tamen como servizo prestado.

A renda per cápita familiar englobará os ingresos de todos os membros da unidade familiar divididos polo número de membros computables.

5.2. Para o previsto nestas bases considérase que compoñen a unidade familiar:

- Os pais/nais non separados legalmente e, no seu caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.

- Os fillos/as menores de idade, con excepción dos emancipados.

- Os fillos/as maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

- Os fillos/as solteiros/as menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita o servizo sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano anterior.

- Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos do apartado anterior.

- No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante do servizo de comedor escolar. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.

- No caso de familias monoparentais (segundo artigo 13 da lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia), e para os efectos do cálculo da renda per cápita, ao que se refire o parágrafo anterior, incrementaranse nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

5.3. Calquera indicio de cambio non declarado, distorsión ou falseamento da situación socioeconómica reflectida na solicitude, poderá dar lugar a que se inicie de oficio un expediente de comprobación dos datos referidos. Coa apertura deste expediente nomearase instrutor/a e secretario/a que elaborarán un informe que será obxecto de análise por parte da Comisión de baremación, coordinación e seguimento. Poderase requirir ao/a solicitante os documentos que se consideren precisos para a resolución do expediente.

5.4. Aqueles solicitantes que non acheguen a documentación requirida para a determinación da súa capacidade económica, no prazo de subsanación correspondente, estarán obrigados a satisfacer, durante todo o período que figure de alta, a cota máxima prevista. Este parágrafo non será de aplicación aos/as solicitantes en situación de emerxencia social ou con informe técnico no que se acredite que se trata de familias con problemas de integración social, en risco de exclusión, desestructuración familiar, con inicio de expediente en menores ou de intervención familiar.

5.5. Para os efectos do acceso á gratuidade e ás bonificacións do comedor escolar, así como para a fixación das cantidades que se deben aboar por este concepto, a renda familiar anual neta per cápita obterase da agregación das rendas, correspondentes ao exercicio fiscal anterior ó ano natural en que dea comezo o curso escolar, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas do seguinte xeito:

- Primeiro: sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro, excluíndose os saldos netos negativos de ganancias e perdas patrimoniais correspondentes aos exercicios anteriores.

- Segundo: deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.

- Terceiro: o importe obtido dividirase entre o número de membros que compoñen a unidade familiar.

Art. 6.-NORMAS DE XESTIÓN.

A liquidación da cota tributaria practicarase por meses naturais e deberán aboala os interesados nos dez primeiros días do mes seguinte á prestación do servizo, na entidade ou entidades financeiras que indique o Concello ou ben a través de recibo bancario emitido desde o concello cada mes.

A prestación do servizo axustarase ao calendario escolar oficial correspondente ao ano escolar, e o seu horario determinarase en función das necesidades de escolarización e do propio horario escolar.

A alta e baixa ou modificacións das circunstancias dalgún usuario/a para disfrutar do servizo de comedor, deberá de ser comunicada ao Concello os dez últimos días de cada mes para o mes seguinte.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor a partir da publicación do seu texto íntegro non Boletín Oficial da Provincia, será de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

De conformidade co previsto na legislación vixente contra o acordo de aprobación definitiva, poderán os interesados interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao de publicación da mesma. Poderán así mesmo interpoñer calquera outro que estimen axeitado.”

Barreiros, 24 de novembro de 2021.- A Alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 3385

COSPEITO

Anuncio

Aprobado polo Pleno da Corporación Municipal de Cospeito (Lugo), en sesión celebrada o 25 de novembro de 2021, o expediente de transferencia de crédito entre partidas de distinta área de gasto, co seguinte detalle:

1.I. Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos definitivos	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
1532	22103	Pavimentación de vías públicas.- Combustibles y carburantes.	0	5.000,00	5.000,00
161	22199	Saneamiento, abastecimiento y distribución agua.-Otros suministros	1.000,00	10.000,00	11.000,00
1621	22300	Recogida de residuos.- Transportes	0	10.000,00	10.000,00
165	22199	Alumbrado público.- Otros suministros	5.000,00	10.000,00	15.000,00
453	21000	Carreteras.- Infraestructuras y bienes naturales	25.000,00	37.000,00	62.000,00
453	22103	Carreteras.- Combustibles y carburantes	8.000,00	25.000,00	33.000,00
		TOTAL	39.000,00	97.000,00	136.000,00

1.II. FINANCIAMENTO

Esta modificación finánciase con cargo a unha transferencia de crédito que non altera a contía total ou parcial do orzamento do xeito que a continuación se detalla:

Aplicación		Descrición	Créditos definitivos	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
231	22799	Acción social.- Otros trabajos realizados por otras empresas	749.309,50	47.000,00	702.309,50
311	22106	Protección de la salubridad pública.- Productos farmacéuticos y material sanitario	4.000,00	3.000,00	1000,00

320	22199	Administración general de educación.- Otros gastos diversos	18.000,00	5.000,00	13.000,00
323	22300	Promoción educativa.- Transportes	1.000,00	1.000,00	0,00
333	22799	Museos y Artes Plásticas.- Otros trabajos realizados por otras empresas	9.680,00	5.000,00	4.680,00
338	22602	Fiestas populares y festejos.- Publicidad y propaganda	3.000,00	1.000,00	2.000,00
920	12004	Servicios de carácter general.- Administración general.- Sueldos del Grupo C2	18.349,12	10.000,00	8.349,12
920	12101	Servicios de carácter general.- Administración general.- Complemento específico	63.704,68	9.000,00	54.704,68
920	16000	Servicios de carácter general.- Administración general.- Seguridad Social	34.000,00	2000,00	32.000,00
920	21400	Servicios de carácter general.- Administración general.- Transportes	1.000,00	1.000,00	0
920	22799	Servicios de carácter general.- Administración general.- Otros trabajos realizados por otras empresas	27.000,00	1.500,00	25.500,00
920	27000	Servicios de carácter general.- Administración general.- Indemnizaciones administrativas	3.000,00	1.500,00	1.500,00
932	22799	Servicios de carácter general.- Administración general.- Otros trabajos realizados por otras empresas	15.000,00	1.000,00	14.000,00
943	46300	Transferencias a otras Entidades Locales.- A Mancomunidad	88.000,00	4.000,00	84.000,00
920	83000	Servicios de carácter general.- Administración general.- préstamos a corto plazo.	5.000,00	5.000,00	0,00
		SUMA TOTAL	1.040.043,30	97.000,00	943.043,30

En cumprimento do disposto nos artigos 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 40, 41 e 42 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, exponse ó público na Secretaría Municipal deste Concello por un período de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o referido prazo os interesados lexitimados, segundo o previsto no artigo 170.1 da citada Lei de Facendas Locais e por algún dos motivos taxativamente enumerados no número 2 de dito artigo 170, poderán presentar reclamacións no Rexistro Xeral do Concello de Cospeito ante o Pleno da Corporación. O acordo inicial elevarase automaticamente a definitivo se no citado prazo non se presentara reclamación ou suxerencia algunha; en caso contrario o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Cospeito, 25 de novembro de 2021.- O Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 3386

LÁNCARA

Anuncio

Información pública aprobación inicial orzamento xeral 2022.

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria realizada o día 25 de novembro de 2021 aprobou inicialmente o Orzamento Xeral do exercicio de 2022, as bases de execución e o cadro de persoal.

O que se fai público a fin de que, durante o prazo de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia, os interesados poidan examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno.

O Orzamento Xeral do Concello de Láncara entenderase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentaran reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Láncara, 26 de novembro de 2021.- O alcalde, Darío Piñeiro López.

R. 3387

MURAS

Anuncio

BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS AO PAGO DA FACTURA DA LUZ DO CONCELLO DE MURAS NO EXERCICIO 2021

Exposición de motivos

Galiza é unha potencia enerxética, somos un país que exporta unha boa parte da enerxía que produce, e non é de agora, pois xa no ano 1961 Galiza chegou a exportar o 76,6% da electricidade producida. Segundo o último estudio enerxético do INEGA, que fai referencia a datos do 2012, exportamos arredor do 40% da enerxía que producimos, tendo en conta que o 10% da potencia instalada de España, está en Galiza. E segundo eses mesmos datos, as exportacións de enerxía transformada e xerada en Galiza aumentaron nun 19,8% no 2012.

O 34% da enerxía primaria galega procede do vento, que é o recurso natural que se explota no noso concello e seguindo os datos mencionados do ano 2012, queremos sinalar que no noso país existen 153 centrais eólicas, das que 20 están aloxadas no noso municipio e contan con 381 muíños eólicos. A potencia instalada eólica de Galiza era de 3.313 MW (o 31% do Estado Español), e produciu nese mesmo ano 8.059 GWh (o 27.25% do Estado Español), namentres, só consumimos 693 Ktep. Nese ano 2012, a electricidade procedente de fontes renovábeis, supuxeron o 66.4% da electricidade consumida en Galiza, alcanzando cotas maiores noutros anos, como no 2010, que chegou ao 94.5%. Observamos pois, que a electricidade xerada é maior que a consumida, pois a vista queda que temos taxas de autoabastecemento moi significativas. En definitiva, fica claro que Galiza é netamente exportadora de enerxía eléctrica, o que nos converte nunha potencia enerxética, como anotabamos ao principio, e soportando importantes custos sociais e ambientais, mais nunca esta capacidade repercute en beneficio do pobo galego e da súa economía, como imos ver a continuación.

A coñecida como factura da Luz subiu nos últimos dez anos, case o 80%, para os consumidores finais. O prezo da electricidade aumenta, aportando grandes beneficios ás empresas enerxéticas, en boa medida grazas aos cambios normativos das reformas eléctricas, facilitados polos gobernos do Estado en Madrid. Houbo un incremento do 150,1% do prezo do kilovatio de potencia contratada, con respecto ao vixente en 2005, e do 66,2 % do prezo do kilovatio-hora consumido. Na lexislatura 2012-2015 produciuse a gran subida, que foi dun 16,2% e representou arredor de 500 euros acumulados para o usuario medio.

O ano pasado o recibo do usuario medio situouse en 66,37 euros a mediados de ano, no caso de usuarios con contadores sen a tarificación por horas. Este ano, a partir do 1 de xuño entrou en vigor a nova factura da luz, deseñada pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) e polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e que supuxo un novo incremento dos prezos tarifarios, posto que o prezo mais caro do ano pasado pasou a ser o prezo máis barato no tramo horario (tarifa val). Con este novo sistema, demostrouse no caso dos consumidores que xa estaban acollidos a peaxes con diferenciación horaria -uns 10 millóns- que co novo esquema a factura de peaxes e cargos aumentará o prezo, e non se aforrará como pretendían coas novas medidas.

No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifas únicas, prexudicial para Galiza ao tratar por igual aos consumidores dos distintos territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Cabe salientar que as tarifas eléctricas no Estado español son as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre 30 estados europeos. Galiza debería ter unha tarifa máis baixa, para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e para posibilitar o seu crecemento industrial. Segundo datos recentes en Galiza unhas 187.119 persoas, o 18 % do total da poboación, teñen dificultades para aboar as súas facturas enerxéticas (gas, auga, electricidade, calefacción). Podemos definir a situación de pobreza enerxética cando unha unidade de

convivencia ten que destinar máis do 10% dos seus ingresos para satisfacer as súas necesidades enerxéticas (gas-electricidade) da súa vivenda, e son moitas as familias que se atopan nesa situación. Vemos pois, como nos últimos anos, a pesares de aumentar a potencia instalada en Galiza e os beneficios das empresas eléctricas, os prezos da electricidade seguen incrementando, sen que repercuta ningún beneficio nos galegos e galegas.

Calquera país produtor como o noso, ten dereito a controlar os seus recursos, tamén os enerxéticos, e non verse por iso gobernada nun elemento tan central para o desenvolvemento económico, polas decisións que se adoptan no Estado en función dos intereses do oligopolio das eléctricas e de seguir perpetuando un sistema onde os territorios que non teñen enerxía, que só son consumidores, son amplamente subvencionados por aqueles, como Galiza, que sacrifican os seus recursos para a produción de enerxía. Cómpre ter maior decisión sobre o control de recursos tan prezados como os que serven de sustento para a produción de enerxía, e tamén do uso e destino desa enerxía, dado o seu carácter estratéxico para moitas actividades económicas, e para poñelos ao servizo dos galegos e galegas, evitando tamén así a pobreza enerxética á que nos referiamos anteriormente.

Queremos destacar a normativa vixente internacional e estatal que avalan o cometido que pretendemos con esta ordenanza. Dispón a Declaración Universal dos Dereitos Humanos no seu artigo 25 que “Toda persoa ten dereito a un nivel de vida adecuado que lle asegure, así como a súa familia, a saúde e o benestar, e en especial a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios”.

A Constitución española establece no artigo 39.1. e 40 que “os poderes públicos aseguran a protección social, económica e xurídica da familia.” E que “os poderes públicos promoverán as condicións favorábeis para o progreso social e económico e para unha distribución da renda rexional e persoal máis equitativa, no marco dunha política de estabilidade económica.” Na mesma carta magna dispón o artigo 45 que “os poderes públicos velarán pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade da vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva” e finalmente é o artigo 50 o que determina que “os poderes públicos garantirán, mediante pensións adecuadas y periodicamente actualizadas, a suficiencia económica aos cidadáns durante a terceira idade. Así mesmo, e con independencia das obrigas familiares, promoverán o seu benestar mediante un sistema de servizos sociais que atenderán os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio.”

Aínda que a nosa administración municipal non ten competencias para regular o sector enerxético, cabe salientar tamén a lexislación vixente internacional sobre os recursos naturais, que avalarían as propostas mencionadas anteriormente sobre a capacidade decisoria que deberíamos ter nun país produtor como o noso, e avalan tamén dende o punto de vista político, ético e moral o espírito desta ordenanza municipal. Neste sentido, o Pacto Internacional de 19 decembro de 1966, sobre dereitos económicos, sociais e culturais, que foi aprobado no Estado Español mediante Instrumento de Ratificación o 13 de abril de 1977, establece no artigo 1º que “Todos os pobos teñen o dereito de libre determinación. En virtude deste dereito establecen libremente a súa condición política e proveen, así mesmo, ao seu desenvolvemento económico, social e cultural. Para o logro dos seus fins, todos os pobos poden dispor libremente das súas riquezas e recursos naturais, sen prexuízo das obrigas que derivan da cooperación económica internacional baseada no principio de beneficio recíproco, así como do dereito internacional. En ningún caso podería privar a un pobo dos seus propios medios de subsistencia.” No mesmo texto o artigo 11.1. establece que “os Estados Partes no presente Pacto recoñecen o dereito de toda persoa a un nivel de vida adecuado para si e a súa familia, incluso alimentación, vestido e vivenda adecuados, e a unha mellora continua das condicións de existencia. Os Estados Partes tomarán medidas apropiadas para asegurar a efectividade deste dereito, recoñecendo a este efecto a importancia esencial da cooperación internacional fundada no libre consentimento”. Por último, o artigo 25 di que “Ningunha disposición do presente Pacto deberá interpretarse en menoscabo do dereito inherente de todos os pobos a desfrutar e utilizar plena e libremente as súas riquezas e recursos naturais”.

